

# CONVOCATORIA DE SETEMBRO PARA AS PROBAS LIBRES DO CICLO DE CONDUCCIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICO- DEPORTIVAS NO MEDIO NATURAL.

## PROBAS DO MÓDULO DE ACTIVIDADE FÍSICA CON PERSOAS CON DISCAPACIDADE

### 1. ESTRUCTURA E PROCEDEMENTO DA PROBA.

#### 1.1 ESTRUCTURA DA PROBA.

A probas deste módulo se compoñe dunha proba escrita:

- Un examen teórico con preguntas teórico e teórico- prácticas dos contidos traballados o longo do curso, cunha duración aproximada de 1 hora e media.

#### 1.2. PROCEDEMENTO DA PROBA.

O exame consta de preguntas curtas e supostos teórico- prácticos relaciondaos cos contidos traballados ó longo do curso.

### 2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

#### 2.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Recoñecer as diferentes actividades físicas adaptadas que se poden introducir na sociedade e coñecer o seu funcionamento básico
2. Recoñecer os elementos que dificultan a integración social, académica e laboral na discapacidade.
3. Recoñecer os diferentes categorías de discapacidade, os seus tipos e as características que definen as mesmas
4. Aplicar diferentes tipos de xogos ás categorías principais de discapacidade estudadas
5. Desenrolar estratexias de resolución de problemas de integración nas formas xogadas
6. Coñecer diferentes formas de actividade a poder realizar no ámbito natural así como os recursos que demandan.
7. Valorar o tipo de actividade física máis axeitado a realizar en función dos medios e o grado de discapacidade.
8. Compilar os diferentes tipos de práctica de acordo coa discapacidade que se levan a cabo na contorna próxima.
9. Seleccionar as actividades a realizar así como as modificacións que nos elementos que interveñen habería que realizar para facilitar a participación, coa máxima seguridade, das persoas con discapacidade, segundo o tipo de discapacidade que sufran e o seu grado de autonomía.

#### 2.2 CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación ou sistema de puntuación que imos utilizar é como segue:

## CUALIFICACIÓN

### 1. Probas teóricas e teórico- prácticas.

Para poder superar o módulo, o alumno debe mostrar competencia na proba polo que e imprescindible obter un mínimo de 5 na proba teórica e teórico- práctica.

### 2. MÍNIMOS ESIXIBLES

1. Coñece-lo marco global e características das poboacións que precisan un tratamento especial na posta en práctica das actividades físicas.
2. Describir as características máis relevantes dos diferentes tipos de discapacidades.
3. Conseguir que o alumnado reflexione, se sensibilice e tome consciencia das limitacións e necesidades deste tipo de poboación no ámbito da actividade física.
4. Identifica-las necesidades de atención e axuda que cada persoa, segundo a súa discapacidade, o tipo e grao de autonomía, require.
5. Seleccionar actividades modificando aqueles aspectos imprescindibles (espazos, material...) para que as persoas con discapacidade poidan acceder a elas.
6. Coñecer e identificar os tipos de discapacidades, así como as características máis relevantes de cada discapacidade.